



APARTADO F

F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia .. 1

F.1. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades	1
F.2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-2027 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado cos restantes GDR de Galicia	19
F.3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC.....	21

F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia

Os mecanismos e actuacións que se describen a continuación reflicten o marco de coordinación previsto á data de entrega deste documento. A coordinación da estratexia do GDR 10 coas dos restantes territorios de Galicia, e con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC, concíbese como unha actividade continua ao longo de todo o período. Polo tanto, os citados mecanismos e actuacións adaptaranse e desenvolveranse de forma dinámica, en función das necesidades derivadas da execución da estratexia do GDR así como do contexto de planificación e gobernanza no que esta se insire, especialmente a nivel galego.

F.1. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades

F.1.1 Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia

O marco de partida para coordinar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) cos restantes GDR de Galicia veu dado pola *Resolución de AGADER do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023* (DOG de 2 de xuño de 2022). O artigo 6.1 destas bases reguladoras

2

establece que “Co fin de optimizar os resultados da medida Leader en Galicia no período 2023-2027, requírese que a preparación das diferentes estratexias

de desenvolvemento local estea coordinada a través dunha asociación de GDR de Galicia que agripe polo menos a dous terzos dos GDR de Galicia”.

O GDR 10 decidiu adherirse a ese marco xeral de coordinación a través da Asociación de GDR de Galicia, o que se plasmou na súa participación nas seguintes accións concretas:

- Subscrición do Convenio de colaboración entre a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a coordinación das propostas de estratexias de desenvolvemento local LEADER dos 24 GDRs de Galicia no período de programación 2023-2027.
- Utilización da “plantilla” ou guía común que se confeccionou no marco do citado Convenio para a elaboración das EDLP dos GDR de Galicia, así como do repositorio de documentos e o visor SIX-Web asociados. Isto permitiu coordinar cos restantes territorios de Galicia o contido dos diferentes apartados da estratexia, así como contar cunha información e documentación de partida común para a elaboración das estratexias dos diferentes GDR.
- Participación do Grupo nas reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia para discutir e afinar os instrumentos de coordinación antes mencionados. En concreto, o Grupo participou nas seguintes reunións de coordinación:

18/03/2022	Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia
27/05/2022	Reunión de Xunta directiva da Asociación de GDR para preparar Asemblea
08/06/2022	Reunión Comité Seguimento Agader cos GDRs
13/06/2022	Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle)
20/06/2022	Asemblea Xeral ordinaria da Asociación de GDR, debatindo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias
22/06/2022	Comité de Seguimento do PDR (2024-2020)
28/07/2022	Reunión de Agader cos GDRs para coordinación de Estratexias
11/08/2022	Asemblea xeral da Asociación de GDR de Galicia para aprobación do Convenio

16/09/2022	Comité seguimiento Convenio Asociación GDR – Universidades
------------	---

29/09/2022	Reunión de coordinación AGADER – GDRs
24/10/2022	Comité seguimiento Convenio Asociación GDR – Universidades
7/11/2022	Comité seguimiento Convenio Asociación GDR – Universidades
8/11/2022	Participación GDRs en proxecto GAL X CLIMA (online)
10/11/2022	Asemblea Xeral da Asociación de GDR para a coordinación de Estratexias
14/11/2022	Envío de borrador aos GDR de Plantilla para elaboración de Estratexias 2023-2027
15/11/2022	Elaboración de cuestionario online para os GDR sobre o interese na creación de Grupos Temáticos e definición de temas
16/11/2022	Reunión para coordinación do Seminario sobre Redes, Grupos e Retos (para o día 12/12/2022)
17/11/2022	Reunión de Coordinación das estratexias en Sergude (GDR/Agader/Universidades)
28/11/2022	Comité seguimiento Convenio Asociación GDR – Universidades
2/12/2022	Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias
12/12/2022	Seminario Redes, Grupos e Retos para o novo LEADER (2023-2027)
13/12/2022	Participación GDRs en proxecto GAL x CLIMA (2) (online)
16/12/2022	Xuntanza do GDR da comisión de Coordinación. Convocar á USC para o día 23/12/2022

- Ademais, o Grupo traballou de forma conxunta coa Asociación de GDR e o equipo de apoio técnico das Universidades, especialmente en certos apartados específicos da súa estratexia:
 - o C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.
 - o E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio



correspondente.

- o G. Propostas de proxectos piloto.

F.12 Grupos de traballo (GT)

De modo complementario, o GDR Limia Arnoia en colaboración co GDR Condado Paradanta foron os promotores de colaborar cos restantes GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, na definición dos Grupos Focais, como proposta de traballo de futuro que nos sirva de seguimento, formación e gripo de presión naquelas temáticas nas que se centre a estratexia.

Os grupos focais temáticos como por tipos de territorios. Estes grupos de traballo iniciarán a súa actividade durante a elaboración das EDLP, en particular na fase de definición dos obxectivos e liñas estratéxicas e de concreción do Plan de acción de cada GDR. Os grupos de traballo están concibidos para axudar a identificar ámbitos de colaboración e sinerxías a medio e longo prazo entre os diferentes territorios, así como posibilitar o intercambio de ideas no deseño das accións da EDLP. En concreto, a participación nos GT facilitaralle ao GDR 10, entre outros, os seguintes aspectos:

- Poñer en común a experiencia dos períodos anteriores, tratando de extraer leccións aprendidas para o período 2023-2027.
- Intercambiar ideas sobre os obxectivos para este novo período.
- Explorar as posibilidades de coordinar proxectos e actuacións e buscar unha mellor definición dos tipos de proxectos a apoiar.
- Organizar xornadas de formación sobre as temáticas
- Organizar xornadas de información cos departamentos da administración das diferentes temáticas.
- ...

Como primeiro paso, xa se ten realizado, por parte do conxunto dos GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, un inventario inicial dos temas de maior interese para ser abordados en grupos focais temáticos, cuxos resultados se resumen a continuación. Cabe indicar que esta proposta foi realizada dende o GDR 10 Limia Arnoia, e xestionada a enquisa online dende este grupo, así como o seguimento das respostas e a volaración das respostas para organizar os GDRs en grupos de traballo de futuro.

O GDR 10 está a desenvolver no proceso participativo un traballo intenso nas que definiu os eixos transversais da EDL:

- aterra como eixo central, proxecto piloto e centro da participación do GDR.
 - A enerxía e a auga como limitantes para o sector agrario do futuro inmediato.
- Por iso, se marca nas temáticas o apartado **b, c e e**.



TEMÁTICA	GDR INTERESADO
A.-Telecomunicacións e innovación dixital	
B.-Novos modelos enerxéticos e eficiencia	Limia Arnoia
C.-Auga e cambio climático	Limia Arnoia
D.-Recuperación de terras agrarias-novos empregos	
E.-Ferramentas para a xestión do territorio	Limia Arnoia
F.-Turismo en espazos rurais	
G.-Innovación ambiental, infraestrutura verde e conectividade ecolóxica	
H.-Novos modelos xestión do Monte, loita contra incendios e sostenibilidade	
I.-Sector agrario e produtos alimentarios	
H.-Dinamización e retos de xénero e coa xuventude	

No caso concreto do GDR 10, este ten interese en colaborar nos seguintes grupos focais temáticos:

- **Grupo temático B:**

- o O principal interese para participar neste grupo de traballo radica na presión enerxética que sofre o noso territorio para a instalación de parques eólicos e no encarecemento dos combustibles fósiles e enerxía eléctrica.
- o Esta situación fainos analizar dentro do GDR como podemos dende a entidade formar, asesorar, acompañar e elaborar material de apoio á toma de decisións ás entidades locais (concellos, comunidades de montes, comunidades de regantes, asociación de agricultores/as, asociación de veciños, ...)
- o A cuestión radica en que as comunidades de montes están a decidir sobre o futuro dos territorios, pois neles recae a decisión da instalacións de parque eólicos. Negociacións de nivel, con grandes empresas en clara desigualdade de negociación.
- o Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a acompañar ás comunidades de montes e aso concellos na toma de decisión e na negociación, así como na busca de apoio de expertos como o

Observatorio eólico galego que nos dea respaldo técnico aos territorios.

- **Grupo temático E:**

- o O principal interese para participar neste grupo de traballo radica na problemática da auga a nivel global, consecuencia do cambio climático, pero tamén a nivel local, derivada da grande presión que sofren os acuíferos do noso territorio debido á presión gandeira en intensivo.
- o Esta situación fainos analizar, dentro do GDR, como podemos dende a entidade formar, asesorar, acompañar e elaborar material de apoio aos concellos para traballar a sensibilización social e poñer a atención no recurso auga como limitante para o desenvolvemento dos noso territorios.

- **Grupo temático c:**

- o O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que o GDR decidiu na fase de participación que o eixo central da estratexia de desenvolvemento rural era o acceso á terra por parte dos demandantes de terras (dos profesionais agrarios que precisan terras e teñen dificultade para acceder á mesma).
- o Puxemos en marcha como eixo da estratexia a iniciativa aterra e elemento principal da participación da EDL, na fase de elaboración e na fase de execución.
- o Entendemos que a iniciativa aterra é un modelo replicable e adaptable a todos os gdr de Galicia por iso no deseño do logo, se deixa espazo para modificar o nome do GDR e pretendemos que nun prazo de 3 anos o territorio galego teña aterras.
- o Sendo pioneiros a nivel galego en lanzar unha iniciativa de xestión de terras que combine, tecnoloxía, marketing, participación de axentes e equipo técnico, temos toda a intención e vontade de coordinar o grupo focal e elaborar unha metodoloxía de traballo para facilitar o acceso á terra en Galicia que ademais arroupe as ferramentas da lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Ao longo do proceso de elaboración da EDL os GDR de Galicia traballaron no desenvolvemento dun documento común para a estruturación dos GT ao longo das estratexias. Este documento estivo coordinado polo GDR Limia Arnoia, Condado Paradanta, Seitura 22 e Montes e vales (entidades voluntarias na coordinacións do GT).



Reunión dos GT en Lalín. Coordinada por Eva González (Limia Arnoia) e Francisco González (GDR Condado Paradanta).

DOCUMENTO DE SÍNTESE DOS GT dos Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia na elaboración e desenvolvemento da EDL no período 2023-2027.

INTRODUCION

Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP. Estrutúranse en catro temáticas específicas, segundo a táboa actualizada que se reflicte ao comezo deste documento. Estes grupos teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes.

A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

GUIÓN GRUPO DE TRABAJO (GT) entre GDR de Galicia

O proceso de posta en marcha dos catro GT definidos previamente divídese en dúas fases. A primeira, consistente na definición do obxectivo deste GT, das súas temáticas, dos GDR que os forman e da metodoloxía a empregar para a súa posta en funcionamento, e que se dará por rematada coa entrega das EDLP a AGADER, cuxo prazo remata o 10 de xullo do presente ano. A segunda fase, que consistirá na posta en marcha dos GT, se iniciará coa aprobación, se é o caso, das EDLP e se prolongará durante toda a implementación das estratexias.

- **PRIMEIRA FASE**

Esta fase comezou durante a elaboración das EDLP e dáse por rematada o 10 de xullo de 2023, data final para a entrega das EDLP. Os traballos desenvoltoos durante esta fase levaron as seguintes premisas e conclusións:

1. Definición dos GT en base ás temáticas de interese para os GDR. Quedando constituídos como segue:
 - a. Grupo traballo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental
 - b. Grupo Traballo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
 - c. Grupo Traballo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario
 - d. Grupo Traballo: Turismo en zonas rurais
 - e. Grupo Traballo: Innovación e dixitalización
2. Incorporación dos GDR aos GT, segundo os seus interese e de xeito voluntario. Quedando como segue:

Ao non haber GDR voluntario para coordinar o Grupo de Traballo de Innovación e dixitalización queda sen constituír pendente de facelo a que xurda o interese por parte dalgún GDR en lideralo e coordinalo. En todo caso a innovación será un elemento

Grupo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais GDR10 Limia Arnoia (coordinador) GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR20 Ulla Tambre Mandeo GDR24 Seitura 22	Grupo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio Grupos inscritos: GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais GDR4 Comarca de Lugo GDR 5 Miño Ulla GDR 7 Valdeorras GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteval GDR10 A Limia-Arnoia GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado Paradanta (coordinador) GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22
Grupo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais GDR 5 Miño Ulla GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR11 ADERCOU GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22 (coordinador)	Grupo: Turismo en zonas rurais Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais (coordinador) GDR4 Comarca de Lugo GDR7 Valdeorras GDR9 Monteval GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela

transversal no traballo de todos os GT.

3. Os GT enmárcanse dentro do epígrafe F do Anexo C como uns instrumentos para a coordinación das EDLP. Porén, acórdase por unanimidade, dos GDR que forman os GT, que deben ser unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar aso GDR como axentes relevantes nos territorios.
4. A posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Traballo.
5. Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.
6. A composición dos GT é aberta, polo que ao longo das estratexias poderán incorporarse GDR interesados nas súas temáticas. Do mesmo xeito, preténdese que os GT sexan dinámicos e operativos. Para iso, redactarase un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo máis axeitadas e xerar produtividade. Tamén se regulará a posible baixa dos GDR que non participen activamente no GT.

- **SEGUNDA FASE:**

A partir da aprobación das EDLP por parte da AGADER, baixo un regulamento de réxime interno por definir, traballarase baixo a metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- A metodoloxía de traballo que pretendemos desenvolver é un proceso aberto e vivo. Polo tanto acordase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.
- Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.
2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborárase unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales das necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades. O punto de partida para este traballo pode ser o que manifestaron os diferentes GDR na reunión que se celebrou en Lalín o 6 de xuño do presente ano e que se reflicten neste documento ao final do mesmo.
3. Segundo a priorización de necesidades e pontencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.
4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

RELACIÓN DE INTERESES MANIFETADOS POLOS GDR NA REUNIÓN CELEBRADA O 6 DE XUÑO DO PRESENTE ANO EN LALIN.

- **GRUPO DE TRABAJO AUGA E ENERXÍA:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 10 Limia Arnoia

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS	AXENTES DE INTERESE
GDR 1 Terras de Miranda	Xestión da auga e enerxía na agricultura	Confederación hidrográfica.
GDR 2 Terra Cha	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Comunidades enerxéticas locais.	Confederación hidrográfica. Axencia Europea do Medio Ambiente.
GDR3 Montes e Vales Orientais	Comunidades Enerxéticas Xestión de auga potable en rutas e camiños	FEGAMP Augas de Galicia

GDR 10 Limia Arnoia	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Xestión da auga en núcleos urbanos.	GDR. Empresas Galegas de xestión da auga (Viaqua, Espina e Delfin, Hidrantia,...)
----------------------------	--	--

	Sensibilización e manexo da auga como limitante para o desenvolvemento.	
GDR13 Condado Paradata	Optimización do recurso para uso humano e de regadío Comunidades Enerxéticas	Confederación hidrográfica.
GDR 15 Pontevedra-Morrazo	Descarbonización e cambio climático, servizos ecosistémicos do monte, comunidades enerxéticas e sensibilización ambiental / retos sectoriais	
GDR 16 Pontevedra Norte	Comunidade enerxéticas. Enerxías renovables.	DX Patrimonio Natural. SIAM.
GDR 20 – Ulla Tambre Mandeo	Comunidade enerxéticas. Boas practicas. Economía Circular. Auga e contaminación.	DX de Gandeiría. SINAC.
GDR 24 - Seitura	Comunidade enerxéticas. Mobilidade Rede traídas veciñais.	DX Desenvolvemento Rural

• **RECUPERACIÓN DE TERRAS AGRARIAS. FERRAMENTAS PARA A XESTIÓN DO TERRITORIO:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 13 Condado Paradanta.

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 2 Terra Cha	Posta en marcha de instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria galega (LRTAG). Concretamente polígonos e permutas.
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Aplicación dos instrumentos da LRTAG a través do GDR.
GDR 4 Comarca de Lugo	As permutas como vía de recuperación da terra agraria.
GDR 5 Miño - Ulla	Posta en marcha de instrumentos da LRTAG co obxecto de aumentar a base territorial das explotacións de vacún e de viñedo.
GDR 7 Valdeorras	LRTAG orientada á loitar contra o abandono das terras, base territorial para as explotacións, prevención dos incendios, recuperación demográfica e mellora da calidade de vida da poboación no rural.

GDR8 Navea	Sil-Bibei-	Posta en marcha de instrumentos de recuperación de terra agraria
-----------------------------	-------------------	--

GDR 9 Monteval	Os instrumentos da LRTAG como ferramentas para a loita contra os incendios forestais. Asesoramento iniciativas privadas que poden xurdir no territorio Impulso aos polígonos agroforestais privados. Difusión e divulgación da lei entre a poboación local.
GDR 10 Limia Arnoia	Proxecto A TERRA. Intentando crear metodoloxía de traballo para a aplicación da LRTAG.
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Novas producións coas posibilidades que dá a LRTAG. Así como estudo de loita contra as pragas e enfermidades na vide.
GDR13 Condado-Paradanta	A LRTAG debe ser unha oportunidade para xerar novas actividades produtivas no sector primario e artellar fórmulas de convivencia entre estas e os residentes dos territorio favorecendo a transición ecolóxica dos territorios.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Aplicación dos instrumentos da LRTAG, facendo fincapé, na formación e asesoramento para promover os instrumentos de mobilización e recuperación, de iniciativa privada.
GDR 16 Pontevedra Norte	Desenvolver Banco de Explotacións.
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Formarse para interpretar a LRTAG e asesorar a iniciativas públicas e privadas.
GDR 21 Asedecomor	- As permutas e os polígonos agroforestais como vía de recuperación da terra agraria, fundamentalmente no sector forestal. Reorientar a produción gandeira e recuperación da produción de variedades tradicionais.
GDR 22 Costa da Morte	Accións formativas relacionadas coa interpretación da LRTAG. Posta en marcha de polígonos agroforestais e realización de permutas para dotar de base territorial ás empresas do sector. Recuperación de variedades tradicionais e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros e forestais.
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Aplicación dos instrumentos da LRTAG.

• GRUPO DE TRABAJO ALIMENTACIÓN :

A continuación recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman



GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 1 Terras de Miranda	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles. Ecocomedores. Transformación e comercialización de produtos agroalimentarios
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles.
GDR 5 Miño - Ulla	Transformación e comercialización alimentaria. Agricultura ecolóxica
GDR 8 Sil – Bibei – Navea	Proxecto Silbina Transformación alimentaria
GDR 9 - Monteval	Estratexia da Granxa a Mesa Sistemas Alimentarios Sostibles Ecocomedores
GDR 11 Comarca de Ourense	Estratexia da Granxa a Mesa. Qm 0. Comedores Escolares.
GDR 13 Condado - Paradanta	Estratexia da Granxa a Mesa Produción, transformación e comercialización de produtos agroalimentarios Ecocomedores
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Estratexia da Granxa a Mesa. Produción e transformación ecolóxica. Consumo de proximidade. Comercialización conxunta. Promoción e valorización das IXP, DO, AA.
GDR 16 Pontevedra Norte	
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Consumo Qm 0. Relacións produtores-hosteleiros. Mercados locais
GDR 21 – Comarca de Ordes	Km 0. Mercados locais. Comedores comunitarios. Aproveitamento segundas calidades.

GDR 22 – Costa da Morte	Valorización da produción de destrío para o seu aproveitamento. Consumo de proximidade e comedores comunitarios (Ecocomedores). Recuperación de variedades autóctonas e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros. Transformación da produción convencional en ecolóxica
--------------------------------	--

GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Estratexia da Granxa a Mesa. Ecocomedores.


• **GRUPO DE TURISMO EN ZONAS RURAIS:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 03 Montes e Vales Orientais

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR1 Terras de Miranda	Integrar as novas tecnoloxías como eixo transversal. Turismo sostible e ecoturismo Vinculación dos recursos turísticos mar e interior Paquetización da oferta do territorio
GDR3 Montes e Vales Orientais	Ecoturismo e turismo activo de natureza. Traballar a sostibilidade turística dende o enfoque social, económico e ambiental.
GDR4 Comarca de Lugo	Sostibilidade turística e intercambio de experiencias.
GDR7 Valdeorras	Turismo sostible, enoturismo e propostas de turismo industrial
GDR9 Monteval	Iniciativas ligadas ao Enoturismo e Turismo arqueolóxico e de natureza Como axudar ao sector na creación de destino turístico e imaxe de marca vencellada aos valores territoriais? Impulso ao emprendemento neste sector
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Mobilidade para o sector turístico. Empresas de servizos complementarios.
GDR13 Condado-Paradanta	Potenciar o agroturismo e o turismo intelixente.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Enfoque transversal da sostibilidade. Turismo verde e enoturismo.
GDR16 Pontevedra Norte	Paquetizar oferta conxunta de varios territorios.
GDR17 Salnés Ulla Umia	
GDR19 Terras de Compostela	Crear experiencias de interese para Touroperadores; estudar interese dos operadores antes de facer paquetes Enogastronomía.

Nese marco de traballo colaborativo o GDR 10 partirá da súa experiencia nas seguintes actividades ou proxectos de cooperación previos:

	Son de Monte, un proxecto de valorización da cultura vinculada ao monte e a posta en marcha da rede de centros de información e promoción da cultura forestal. Neste proxecto inclúense 6 territorios representativos do país para a posta en marcha dos 6 primeiros Centros Pilotos de Información e promoción da Cultura do Monte. Estes centros piloto porán en marcha un programa piloto para contribuír á posta en valor do monte, mediante a evolución dos GDRs en entes con maior capacidade de acción e traballo, entorno a un dos recursos máis abondosos e importantes dos noso territorio. GDR Participantes: Limia Arnoia GDR10 (Ourense), coordinador; Seitura 22 (A Coruña); EU Rural (Pontevedra); Montes e Vales Orientais (Lugo); Mariñas-Betanzos (A Coruña) e Condado-Paradanta (Pontevedra).
	Nó Rural, é unha rede para animar á incorporación de persoas mozas no sector primario, fomentar a emprendeduría e mellorar da empregabilidade. O obxectivo deste proxecto é promover a inserción da mocidade nas zonas rurais para o que se creou un servizo de prácticas en empresas ubicadas nos diferentes territorios. Nó Rural contempla outras liñas de acción centradas na formación. Así mesmo, o programa inclúe tamén a organización de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación, a docencia e o desenvolvemento tecnolóxico. GDR Participantes: ADR Mariñas-Betanzos (A Coruña), coordinador; Limia Arnoia GDR10 (Ourense); Asociación Seitura 22 (A Coruña); ADR Comarca de Lugo (Lugo); ADC Terra Chá (Lugo); Eu Rural (Pontevedra).



Alimentos da Biosfera, a rede para a promoción de circuítos curtos alimentarios baixo a marca Reserva da Biosfera.

Este proxecto ten como obxectivo o impulso das marcas propias e a marca Nacional nas Reservas da Biosfera españolas para producións alimentarias e servizos turísticos, como estratexia para a mellora da calidade destas producións, para que contribúan á mitigación do cambio climático mediante o fomento do consumo en circuítos curtos locais. Tamén se promoverán actuacións dirixidas a mellorar a calidade das producións, e actuacións dirixidas a mellorar

	a visibilidade destes produtos, así como unha última fase de organización do consumo de produtos locais ecolóxicos en comedores escolares. GDR Participantes: ADR Mariñas-Betanzos (A Coruña), coordinador; Limia Arnoia GDR10 (Ourense); Asociación Seitura 22 (A Coruña); GDR Ulla-Tambre-Mandeo (A Coruña); Asociación Terras de Miranda (Lugo); ADC Terra Chá (Lugo); ADR Comarca de Lugo (Lugo); Asociación Montes e Vales Orientais (Lugo); Asociación Miño-Ulloa (Lugo)
	Museos Vivos, o emprego de plataformas intelixentes para permitir a apertura permanente dunha rede de museos e centros de interpretación de varias comunidades autónomas. GDR Participantes: Ribeira Sacra Courel (Lugo), coordinador; Limia Arnoia GDR10 (Ourense); Asdecomor (A Coruña); + 6 GDR de Castela e León Os GDRs participantes e os seus respectivos territorios teñen unha gran diversidade de centros de interpretación, museos... de diferentes temáticas que, por diversos motivos non están plenamente operativos. O proxecto “Museos Vivos” consiste en concatenar e realizar conexións temáticas entre estes centros de territorios distintos, co fin de divulgar a cultura rural, as tradicións e os valores ambientais dos pobos e paisaxes que estas áreas albergan, permitindo ao mesmo tempo o incremento da autoestima da poboación e da súa concienciación ambiental.
	Eurochef é o único proxecto de cooperación Leader aprobado en Galicia con carácter transnacional. Poñer en valor os produtos gastronómicos dos territorios rurais, potenciado o consumo local a través de novas elaboracións e fusións con outras cocinas e, ao mesmo tempo, dalos a coñecer máis alá das fronteiras, e crear novos mercados de forma directa noutros países. GDR Eu Rural e Pontevedra Norte
	Convenio de colaboración coa Reserva da Biosfera Área de Allariz Asinado en 2022 para a xestión da axudas da Reserva dos fondos Next Generation

 Comisión Europea	Proxecto Equal Rural. Aprobado polo Programa Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores da Comisión Europea “Equal Rural” da Comisión Europea.
---	--

	Proxecto de traballo da incorporación da muller na agricultura, proxecto de cooperación con Portugal.
 MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO	Convocatoria Experiencias de Turísticas do Ministerio de Industria Comercio e turismo “Mejora de la Experiencia Peregrina en el Camino de Santiago Vía de la Plata - Camino Mozárabe” Proxecto presentado con 35 GDR dende Andalucía a Galicia. Coordina CEDER LA SERENA de Badajoz. GDR Pontevedra norte
Mixturando	Fundación Biodiversidad. Mixturando. Desenvolvemento de novas estratexias de valorización do bosque mixto en espazos protexidos de Galicia e Asturias. Nacido do acodo de colaboración entre os Grupos de Desenvolvemento Rural Limia Arnoia e Condado Paradanta, Universidade de Santiago de Compostela (Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñería) e o Grupo de Desenvolvemento Rural Camín Real de la Mesa (Asturias). Convocatoria de ayudas de la Fundación Biodiversidad, en régimen de concurrencia competitiva, para apoyo a proyectos transformadores para la promoción de la bioeconomía ligada al ámbito forestal y la contribución a la transición ecológica (regulada por la Orden TED/1014/2021, de 20 de septiembre, y por la Orden TED/408/2023, de 24 de abril, que modifica la anterior).

Os grupos de traballo funcionarán principalmente a través do intercambio de documentos, complementado con reunións periódicas telemáticas (e eventualmente

presenciais). Crearanse espazos dixitais compartidos que funcionen como repositorios,

tanto de informes ou estudos de interese como de proxectos desenvolvidos polos GDR que podan ser de utilidade.

Os resultados máis relevantes, e que considere de interese, dos grupos de traballo nos que participe o GDR serán integrados no contido da súa estratexia, e posteriormente durante a execución da mesma, a través de diferentes vías:

- Elaboración de resumos executivos para discutir nos órganos de participación e decisión do GDR.
- Publicación na web do GDR de fichas divulgativas, en particular de proxectos de interese identificados, que poidan servir de inspiración.
- Outras actividades divulgativas.
- ...

F.1.3 Outras actuacións para a coordinación da estratexia do GDR coas dos restantes territorios de Galicia

O GDR Limia Arnoia está a coordinouse con varios GDR de Galicia durante a elaboración da estratexia marcando as liñas de colaboración de futuro e a posta en común do proceso de elaboración.

- Dentro das liñas de traballo, realizamos conxuntamente con outros GDR (Terra Cha, Condado Paradanta, Seitura, Mariñas Betanzos e Terra cha) documentos base para as tarefas do convenio coa USC, cando non estaba constituída a comisión de seguimento.
- Realizamos varias reunións online e un documento borrador, facendo uso dun enlace drive compartido, no que se propuxo dende este gdr conxuntamente co GDR Condado Paradanta da creación dos Grupos Focais Temáticos.
- O GDR Limia Arnoia conxuntamente con Condado Paradanta, Mariñas Betanzos, Montes e Vales e Terra Chá reunímonos en varias ocasións para facer una posta en común de temas potenciais para cooperar:
 - o Ecocomedores
 - o Melloras na xestión de Leader (anticipo gastos de funcionamento, posta en común das modificacións de estatutos, proceso participativo desenvolto,...)
 - o Xestión de montes veciñais
 - o Mobilidade de terras

F2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-2027 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado cos restantes GDR de Galicia

O GDR 10 prevé impulsar e participar nos mecanismos e procedementos que se indican a continuación, para facilitar a execución da súa estratexia de xeito sinérxico e colaborativo cos restantes GDR de Galicia.

F21 Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos

Logo da aprobación das estratexias de desenvolvemento local, o GDR 10 contribuirá á organización, coordinada pola Asociación de GDR de Galicia, dun taller de lanzamento do novo período LEADER, no que cada Grupo exporá os principais elementos da súa EDLP, en particular do seu Plan de acción. Este taller permitirá coñecer con maior detalle as estratexias dos diferentes GDR de Galicia, co fin de afinar as accións de coordinación no novo período. En particular, axudará a identificar os grupos de traballo xa formados (ver o punto F.1.2) que é interesante que continúen funcionando e, no seu caso, outros novos a constituír.

Ese taller de lanzamento poderá ir seguido de talleres de seguimento durante o período 2023-2027, nos que os GDR de Galicia podan presentar e debater as actividades realizadas, resultados, atrancos e retos no proceso de execución das súas estratexias, como mecanismo de intercambio de información e coordinación.

F22 Grupos de traballo

Unha vez aprobada a estratexia do GDR 10, este contribuirá ao mantemento daqueles grupos de traballo (dos constituídos na fase de elaboración das estratexias) que considere de interese e/ou á creación doutros novos. Para concretar os obxectivos e actividades destes grupos de traballo tomarase, en principio, como referencia o modelo exposto anteriormente para o período de elaboración das estratexias.

Na medida das súas posibilidades, en función dos medios humanos e materiais cos que conte, propoñemos que a Asociación de GDR de Galicia supervise e preste apoio ao funcionamento dos grupos de traballo. Ademais, en función das necesidades detectadas, ás reunións destes grupos poderán ser convidados expertos ou outros actores externos con capacidade para aportar información de interese para os GDR.

F23 Base de datos de proxectos

O GDR 10 colaborará na creación e actualización dunha base de datos conxunta dos proxectos e actividades financiadas no marco das EDLP en Galicia. Base de datos que, no seu caso, incluírá tamén outras actividades promovidas polos GDR que se consideren interesantes para o coñecemento dos outros Grupos.

A estrutura, contido, soporte tecnolóxico e ubicación desta base de datos, así como o procedemento para asegurar a súa actualización permanente, serán concretados por

unha comisión *ad hoc* integrada pola Asociación de GDR de Galicia e AGADER.

F24 Impulso de proxectos de cooperación

A partir do intercambio de información nos grupos de traballo nos que participe, o GDR 10 márcase o obxectivo de identificar proxectos de cooperación no marco LEADER a promover con outros territorios, e tamén explorar as oportunidades existentes noutros programas e convocatorias de financiación para proxectos que vaian máis alá do ámbito territorial deste GDR.

F3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC

De entrada, entendemos que a definición dos mecanismos e procedementos para asegurar que a execución das estratexias dos GDR está aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia dependerá en boa medida das normas e actuacións que con ese fin adopte AGADER, en coordinación, no seu caso, cos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e intervencións.

Como punto de partida para contribuír a ese aliñamento, o GDR 10 recolle no apartado D unha análise da relevancia e a posible incidencia na súa estratexia dos principais elementos do marco normativo e institucional, prestando especial atención ás medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia dentro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PE PAC), así como aos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionados co medio rural. Poden consultarse as prioridades desta EDL nas 5 táboas que se xuntan.

Tendo iso como base, o GDR 10 propón os mecanismos e procedementos que se indican a continuación para asegurar o aliñamento da execución da súa estratexia (e das estratexias dos GDR galegos) coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco da PAC, así como cos plans sectoriais e iniciativas prioritarias da Administración autonómica para o medio rural.

F3.1 Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices

A partir da análise das estratexias dos 24 GDR de Galicia finalmente aprobadas, en particular do seu apartado D, AGADER e os GDR identificarán conxuntamente os ámbitos temáticos e os tipos de proxectos ou actuacións nos que é máis necesario un aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural e cos plans e iniciativas prioritarias da Xunta de Galicia para o medio rural. Sobre esa base, poderá elaborarse un documento (Guía para a execución das estratexias LEADER) no que se establezan normas e directrices para promover que a execución das estratexias dos GDR estea aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de

Galicia. O contido desta Guía poderá actualizarse a medida que avance a execución

das estratexias, en base á experiencia acumulada, tendo en conta para isto as reunións de seguimento indicadas no punto F.3.3.

O GDR 10 avaliará a forma de incorporar as normas e directrices desa Guía xeral na aplicación da súa estratexia, tanto na información subministrada aos axentes do territorio como na valoración e selección dos proxectos presentados ao Grupo.

F3.2 Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR

Ademais da elaboración da citada Guía, o GDR 10 considera oportuno que, ao inicio do período, se organice un programa de formación e información dirixido ao persoal técnico dos GDR sobre os ámbitos e tipos de proxectos identificados como críticos para o seu aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural. Este programa pode ser organizado por AGADER en colaboración coa Asociación de GDR de Galicia, contando tamén coa participación dos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e medidas relevantes dentro da Xunta de Galicia.

Partindo diso, o GDR 10 levará a cabo actividades de información e divulgación aos axentes do territorio, sobre o tipo de proxectos financiados polo Grupo e a súa delimitación, complementariedade e sinerxías potenciais con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia.

F3.3 Reunións de seguimento

Como complemento do anterior, o GDR 10 propón a organización periódica de reunións entre AGADER e os GDR, coa participación tamén dos órganos xestores das medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, para avaliar o aliñamento da execución das estratexias LEADER con esas medidas e políticas sectoriais, resolver as dúbidas ou cuestións que vaian xurdindo e debater posibles adaptacións na execución desas estratexias e/ou nas políticas sectoriais e outras medidas de desenvolvemento rural.

F3.4 Gobernanza

Para impulsar e pilotar as accións mencionadas nos puntos anteriores o GDR 10 considera que sería oportuno constituír un “Comité de Coordinación e Seguimento das Estratexias LEADER”. O seu cometido sería promover o aliñamento das estratexias dos GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, a través das actuacións citadas anteriormente e outras que se acorden.

O Comité estaría integrado por AGADER, unha representación dos GDR e responsables doutros servizos da Xunta de Galicia que xestionan medidas de desenvolvemento rural ou outras políticas sectoriais relevantes para as estratexias dos GDR.

